

Área de Igualdade da Deputación Provincial

“8M, Mes a Mes”

En Agosto, ao igual que nos meses anteriores, na área de igualdade realizaremos un destacamento especial á muller e súa importancia no mundo laboral. Deste xeito, búscase promover a importancia das mulleres e o seu labor durante todo o ano.

Neste mes a figura seleccionada da provincia é Zaira Vidal Martín, emprendedora e neorural. A súa empresa, Piel Natura, recolle unha gama de produtos naturais e de cosmética sólida.

O lema seleccionado para este mes foi “Paixón Sustentable”

Zaira e o seu socio, Juan Carlos, mudaronse dende Benidorm, hai oito meses, para emprender no rural galego, para o cal seleccionaron o concello de San Xoán de Río. Como ela mesma engade: “Este cambio foi increíblemente positivo, xa que, buscábamos estar en coherencia cos nosos valores persoais e profesionais. Agora, vivimos e traballamos nun entorno que reflexa a nosa paixón pola sustentabilidade, natureza e o benestar.” Asegura estar moi contenta ca veciñanza e o trato recibido tras a mudanza.

Piel Natura é unha empresa de cosmética sólida, infusións terapéuticas de ingredientes naturais, velas para aromaterapia de cera de soia... Ademais, engadido a cantidade de produtos que comercializan na súa páxina web e en feiras de artesanía, imparten variedade de cursos.

Zaira Vidal contanos o seu papel dentro da súa empresa, Piel Natura: “A miña función principal é a xestión das redes sociais. Son a mente creativa detrás de cada estratexia de comunicación, a persoa que escribe o copywriting na nosa páxina web e a diseñadora de packaging dos produtos. Ademais de ser a “community manager”. Formeime en marketing a través de cursos privados, combinando estes coñecementos ca experiencia como especialista da pel traballando en salóns de beleza e a miña formación como técnica en estética e beleza. Tamén xestiono a edición dos vídeos de Instagram, TikTok e YouTube. Son a encargada de gravar, preparar os guións e tomar a última decisión sobre si un produto sale ao mercado ou non.”

Ca súa marca busca algo máis que a venda, busca o cambio “Aspiro a inspirar un movemento cara un estilo de vida máis consciente e sustentable, onde cada persoa se sinta empoderada para facer cambios positivos na súa vida e o seu entorno”.

Página web de Piel Natura: <https://pielnatura.com/>

Instagram Piel Natura: <https://www.instagram.com/pielnaturacosmetica/>

Tik Tok Piel Natura: https://www.tiktok.com/@pielnaturacosmetica?_t=8l3MmaNxGNs&_r=1

You Tube Piel Natura: <https://youtube.com/@pielnatura?si=AswmCY8KhW0TkIWj>



Imaxes: Zaira Vidal amosando os seus produtos de Piel Natura



Imaxe: Zaira Vidal xunto o seu socio Juan Carlos

#igualOU